

PATRÓN/A MAIOR
CONFRARÍA DE PESCADORES
NOIA

Asunto: Plan xestión para o trienio 2024-2026

O Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas (DOG núm. 233 do 09/12/2020) recolle no seu artigo 4 que a actividade de marisqueo de recursos xerais realizarase ao abeiro de plans de xestión ou en zonas de libre marisqueo no marco do Plan xeral de explotación marisqueira que é o conxunto de normas e orientacións destinadas a regular e programar a conservación e explotación sustentable dos recursos marisqueiros xerais durante un período de tres (3) anos. Unha vez elaborado este plan conforme co disposto nos artigos 8, 9 e 10 do decreto debe aprobarse por orde da Consellería do Mar.

O mecanismo de elaboración do Plan xeral permite ás entidades do sector a participación activa na responsabilidade de xestión dos recursos. Non obstante, a administración, co obxecto de tutelar o proceso, require os informes técnicos necesarios respecto de todos os aspectos esenciais para acadar tal fin e sempre na procura da explotación sustentable dos recursos pesqueiros e de acadar unha maior rendibilidade económica a favor dos/as profesionais do sector.

Unha vez examinados os plans de xestión remitidos polas entidades, consultado o sector na elaboración das normas relativas ás zonas de libre marisqueo e vistos os informes emitidos polos técnicos desta Consellería, e de conformidade co disposto no citado decreto regulador, o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026 foi aprobado pola Orde do 21 de decembro de 2023, pola que se aproba o Plan Xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026

Así pois, o/s plan/s presentado/s por esa entidade foi/foron aprobado/os mediante a súa inclusión no Plan xeral de explotación marisqueira para os anos 2024, 2025 e 2026 segundo as condicións establecidas no/s documentado/s que se achega/n.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(sinatura dixital)

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
15701 Santiago de Compostela
Teléfono 981 546 176 – Fax 981 546 138
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal





Anos de vixencia	2024, 2025 e 2026	PE403A 2023/41-1
Entidade	CONFRARÍA DE NOIA	
Plan de xestión	MOLUSCOS BIVALVOS	
Réxime	AUTORIZACIÓN	
Modalidade	A PÉ E EMBARCACIÓN	

Especies obxectivo	Ameixa babosa (<i>Venerupis corrugata</i>) Ameixa fina(<i>Ruditapes decussatus</i>) Ameixa rubia (<i>Polititapes rhomboides</i>) Ameixa xaponesa (<i>Ruditapes philippinarum</i>) Ameixa bicuda (<i>Polititapes aureus</i>) Berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>) Chirla (<i>Chamelea gallina</i>) Cornicha (<i>Spisula solida</i>)
Ámbito do plan	Zona de autorización
Subzonas de explotación	Enseada de Testal (MN-031), San Cosme (MN-032), Barquiña (MN-033), Pedras-Testal (MN-034), dentro da Barreira (MN-035), Picouso (MN-036), Misela I (MN-037), Misela II (MN-038), Mexilloeira (MN-039), Boa (MN-041), A Seca de Broña (MN-042), Praia de Broña (MN-043), Freixo (MN-045), Taboleiro (MN-046), Portosiavo (MN-047), Praia Testal (MN-084) e Escolleira (MN-085), ponte de Ceilán (MN-029), Saíñas-Corveiros (MN-030)
Obxectivos	Ver anexo

Participantes no plan de xestión			
Número de participantes	Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes con dereito a cota
Actual	439 (368 Noia / 71 Muros)	524 (434 Noia / 42 Muros e 1 particular/24 Porto do Son / 23 Portosín)	1.482
Máximo 2024	466 (395 / 71)	524	Máximo 3 tripulantes
Máximo 2025	466 (395 / 71)	524	
Máximo 2026	466 (395 / 71)	524	
Outorgamento 2024			
Número	27 (Noia)		

* Ver consideracións

Calendario anual previsto de extracción(*)	
Número probable de días de extracción	2024: 55 días 2025 e 2026: 123 días
Época e zona probable de extracción Modalidade a pé e dende embarcación	2024: de setembro a decembro (veda de xaneiro a abril en tódolos bancos). 2025 e 2026: de xaneiro a abril e de setembro a decembro



2024											
Modalidade: a pé											
xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec
								X	X	X	X
Modalidade: dende embarcación											
xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec
								X	X	X	X
2025-2026											
Modalidade: a pé											
xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec
X	X	X	X					X	X	X	X
Modalidade: dende embarcación											
xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec
X	X	X	X					X	X	X	X

* Ver consideracións

Actividade extractiva en festivos autonómicos, nacionais e sábados	Si / Non
En semana santa	Non
En decembro	Non
En supostos extraordinarios que afecten ó normal desenvolvemento do plan	Si

Topes de captura (kg/día)				
Especies	meses	pé	tripulante enrolado e bordo/día	
			1º e 2º tripulante	3º tripulante
Ameixa xaponesa	XII e ata o 06/I	17	17	17
	Resto	12	12	12
Berberecho	De IX ao 06/I	29	44	29
	Resto	21	29	21
Ameixa babosa	Todos	7	7	7
Ameixa fina	Todos	5	5	5
Ameixa bicuda	Todos	2	2	2
Ameixa rubia	Todos	2	2	2
Chirla	Todos	2	2	2
Cornicha	Todos	2	2	2

Tamaños mínimos de extracción		
(de ser superior ao mínimo legal ou excepción da disposición adicional única da orde do 27.07.2012)		
Especie	Tamaño mínimo	Zona excepción disposición adicional única orde do 27.07.2012 (de ser o caso)
Berberecho	28 mm	

Horario de traballo	
A pé	De dúas horas e media antes a dúas e media despois da baixamar diúrna, tendo como tope as 16:30 horas, mais restritivo (ver consideracións)
Dende embarcación	Das 8 horas ás 14 horas, suxeito a tope horario. O horario de saída do porto establecerase en función do tope horario que se estableza (ver consideracións)



Artes a empregar	A pé: sachó, rastrillo ou angazo e gancha a pé ^(*) Dende embarcación: rastros ^(*)
-------------------------	--

- (*) Os rastros dende embarcacións e as rañicas ou ganchas a pé terán as seguintes características:
- para a extracción de ameixa: lonxitude de pletina: 43 cm; separación entre varelas de 18 mm e lonxitude de dentes de 11 cm
 - para a extracción de berberecho: lonxitude de pletina de 54 cm; separación entre varelas de 20 mm e lonxitude de dentes de 6,5 cm

Puntos de control (situación)	Batea do Peirao do Freixo	Flote	ETRS89 X: 504943; Y: 4737901
	Batea do Peirao do Testal	Flote	ETRS89 X: 506970; Y: 4737785
	San Cosme	Pé	ETRS89 X: 507624; Y: 4739012
	A Misela	Pé	ETRS89 X: 506330; Y: 4737504
	Broña	Pé	ETRS89 X: 505443; Y: 4738777
	Peirao (Lonxa) do Freixo	Pé e flote	
	Peirao (Lonxa) do Testal	Pé e flote	

Puntos de venda autorizados	Lonxas de Testal e Freixo e demais lonxas autorizadas
------------------------------------	---

Accións de conservación, mantemento, recuperación ou mellora dos hábitats e zonas de produción	
Accións:	Si / Non
Rareos e traslados	Si
Limpezas de algas	Si
Limpezas de lixo mariño	Si
Acondicionamento de substrato. Arados	Si
Sementeiras. Especies:.....	Si
Control depredadores. Especies: estrelas de mar e cangrexos	Si
Control especies exóticas/invasoras. Especies: <i>Crepídula fornicata</i> e <i>Crepidatella</i> sp.	Si
Outras actividades de semicultivo: preengorde de ameixa en batea e engorde en banco	Si

Accións de coidado, control, seguimento protección e vixilancia dos bancos marisqueiros	
Accións:	Si / Non
Accións por gardapescas	Si
Accións polas persoas mariscadoras	Si
Medidas específicas para combater practicas INDNR (Si / Non)	
Accións de control para a aplicación das medidas de explotación e conservación aprobadas pola entidade:	Si
Medidas para a declaración adecuada de capturas:	Si
Medidas para previr a actividade ilegal de terceiros que non pertencen a entidade:	Si

Accións de diversificación da actividade marisqueira coa fórmula de turismo mariñeiro (artigos 112 e 113 da Lei 11/2008 de Pesca de Galicia)	
Accións	Si / Non
Pesca turismo	*
Rutas guiadas	*
Gastronomía	*

*Ver consideracións

Accións formativas para unha mellor xestión e conservación dos recursos marisqueiros Si / Non (indicar o que corresponda)	Si
--	----

Renovación permisos de explotación para marisqueo a pé	
	Computan para a renovación do permiso (Si / Non)
Actividades de semicultivo (95%)	Si
Protección e vixilancias informativas (95%)	Si

Outras consideracións

Á vista da solicitude, da documentación achegada, dos informes técnicos emitidos, da proposta da xefatura territorial e das observacións presentadas, apróbase o plan de xestión presentado, coas seguintes consideracións:

Participantes: No **marisqueo a pé** o número de permex vixentes ata o 31 de decembro de 2023 é de 463 (392 de Noia e a totalidade dos permisos en Muros, 71) e prevese que comece a explotación no ano 2024 con 439 (368 de Noia e 71 de Muros).

No **marisqueo a flote** de acordo cos datos oficiais, na actualidade existen 524 embarcacións coa participación por confraría indicada na táboa.

En relación co número de tripulantes deste plan de xestión:

1. No plan de xestión 2021-2023 establecíase que o número máximo de tripulantes do plan de xestión con dereito a cota por embarcación era de 1.482 (526 embarcacións). A confraría non achegou durante a vixencia do plan o listado de embarcacións coas cotas asignadas a cada unha dela, cando se comprobara se os certificados dos barcos son para 2-3 tripulantes. Neste plan de xestión existía un acordo asinado entre as confrarías de Noia, Muros, Porto de Son e Portosín en relación co número de participantes e cuestións de organización interna que non son obxecto dun plan de xestión.
2. Para o trienio 2024-2026, a entidade propón un plan de xestión cun máximo de 1.482 tripulantes para as embarcacións participantes, sen embargo na relación de embarcacións non figuran os tripulantes con dereito a cota que corresponden a cada unha delas, e ademais non se acredita que exista un convenio coas confrarías mencionadas que afecten ao contido do plan, é dicir aos participantes, pese a que foi requirido. Ademais establecen un número máximo de 3 tripulantes con dereito a cota por barco (apartado 1.7.3.c).
3. A proposta da xefatura territorial é de valorar un incremento ata 1.484 tripulantes correspondentes a 524 embarcacións, sempre que o estado do recurso o permita e remitan a listaxe de embarcacións coas cotas asignadas a cada unha delas, nas que poderán incluír ata un máximo de 3 tripulantes con dereito a cota por embarcación. Todo isto, de xeito excepcional, sen necesidade de empregar o baremo aprobado na resolución do 22 de outubro de 2013 para asignar tripulantes con dereito a cota por embarcación.
4. Na fase de alegacións a entidade propón un máximo de 523 embarcacións e 1.482 tripulantes con dereito a cota de captura, pero non achega a relación de embarcacións co número de tripulantes con dereito a cota de captura que corresponden a cada unha delas. Asemade indican que ese número é o resultado de 3 tripulantes por embarcación de Noia e 2 para o resto de confrarías e continúan sen achegar o acordo entre entidades.

A vista do exposto, e tendo en conta que a entidade non achegou a relación de tripulantes con dereito a cota por embarcación participante, que na proposta de plan de xestión figura un máximo de 3 tripulantes con dereito a cota de captura por embarcación se ben as mesmas están habilitadas para un número determinado de tripulantes e non todas poden ter 3, e

ademais que non se acreditou a existencia dun acordo entre confrarías, propónse non establecer un número máximo fixo de tripulantes participantes. O máximo estaría establecido como se indica no apartado 1.7.3.c do plan en 3 tripulantes con dereito a cota por embarcación.

Cumpre lembrar que o esforzo pesqueiro do plan de xestión está conformado polo número máximo de participantes, xunto cos días e toques de captura, polo que estas variables axustaranse para garantir unha explotación sustentable do recurso.

Se durante a vixencia do plan a entidade achega a relación de tripulantes con dereito a cota de captura por embarcación participante adaptada aos certificados de tripulación das embarcacións, e se achega acordo coas entidades participantes, poderá revisarse o número máximo de tripulantes do plan de xestión.

Sinalar que nos apartados 1.7.1.h relativos ás observacións xerais sobre os participantes se inclúe información que non procede relativa á inclusión de participantes como concesión ou deferencia, isto ven sendo aclarado dende o ano 2013, polo que só cabe referirse á resposta proporcionada en plan de xestión anteriores. Por outra banda, a forma de acceso aos bancos marisqueiros non corresponde con información deste apartado, se ben lembrese que se podería realizar o traslado das mariscadoras a estas zonas mediante embarcacións destinadas pola confraría a este fin e inscritas na lista correspondente.

O apartado 1.7.3.h non pode considerarse validado por recoller aspectos dun acordo que son cuestións de organización interna e non obxecto dun plan de xestión, ademais de non resultar acreditado a existencia do mesmo.

Zona de reserva de poliquetos para os pescadores de lecer: A entidade ten reservadas zonas para a captura de poliquetos polos pescadores de lecer no ámbito do plan de xestión 2024-2026

Calendario anual previsto e número probable de días de extracción:

No ano 2024 establécese unha veda de xaneiro a abril que é unha continuidade da establecida no 2023 debido ás circunstancias extraordinarias por causa de forza maior, que levaron a vedar o plan dende o 1 de marzo ata o 30 de abril de 2023 e novamente en novembro e decembro do mesmo ano (resolución de 03.11.2023 da xefatura territorial de A Coruña).

De acordo coa recomendación técnica, a prolongación da veda de xaneiro a abril no ano 2024 é necesaria. Os motivos que levaron ó establecemento da veda en novembro e decembro de 2023 continuarán vixentes durante este período.

A isto debemos unir o revés sobre as poboacións de bivalvos provocado polo tren de borrascas acontecido en novembro de 2023, no que se detectou un importante episodio de mortalidade.

Deste xeito, deberá realizarse un seguimento do estado das poboacións nos bancos marisqueiros e serán os resultados das mostraxes, que se deberán realizar previamente ó comezo da campaña extractiva en setembro de 2024, os que determinen a recuperación suficiente do stock comercial e da estrutura de tallas das poboacións das especies obxectivo, fundamentalmente da principal especie do plan, o berberecho.

En canto aos días de actividade extractiva redúcese a un número probable de 55 días no período de setembro a decembro de 2024, como consecuencia da veda de xaneiro a abril, e mantéñense en 123 días para o 2025 e 2026.

A actividade extractiva realizarase preferentemente 4 días/semana de luns a xoves, agás o mes de decembro, a primeira semana de xaneiro e en circunstancias especiais, que traballarán todos os días, de luns a venres.